

# CMUS Profesional de Viveiro



CONCELLO DE VIVEIRO

Conservatorio Profesional  
de Música de Viveiro



**ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA  
CURSO 2019/2020**

**HISTORIA DA MÚSICA**

## ÍNDICE

INTRODUCCIÓN .....	4
1. ➤ 4º CURSO DO GRAO PROFESIONAL .....	4
1.1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E MÍNIMOS ESIXIBLES .....	4
<i>Criterios de avaliación</i> .....	4
<i>Mínimos esixibles</i> .....	4
1.2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN .....	4
1.2.1. <i>Avaliación</i> .....	4
1.2.2. <i>Cualificación final</i> .....	5
1.2.3. <i>Proba extraordinaria de setembro</i> .....	5
1.2.4. <i>Avaliación de materias pendentes e procedemento para a recuperación da 1ª – 2ª avaliación</i> .....	5
1.3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (RECUPERACIÓN, REPASO, REFORZO, E NO SEU CASO, AMPLIACIÓN) .....	5
1.3.1. <i>Actividades</i> .....	5
1.3.2. <i>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</i> .....	6
1.3.3. <i>Materiais e recursos</i> .....	6
1.4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE .....	6
1.4.1. <i>Información ao alumnado e ás familias</i> .....	6
1.4.2. <i>Publicidade</i> .....	6
2. ➤ 5º CURSO DO GRAO PROFESIONAL .....	6
2.1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E MÍNIMOS ESIXIBLES .....	6
<i>Criterios de avaliación</i> .....	6
<i>Mínimos esixibles</i> .....	7
2.2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN .....	7
2.2.1. <i>Avaliación</i> .....	7
2.2.2. <i>Cualificación final</i> .....	7

2.2.3. <i>Proba extraordinaria de setembro</i> .....	7
2.2.4. <i>Avaliación de materias pendentes e procedemento para a recuperación da 1ª – 2ª avaliación</i> .....	8
2.3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (RECUPERACIÓN, REPASO, REFORZO, E NO SEU CASO, AMPLIACIÓN) .....	8
2.3.1. <i>Actividades</i> .....	8
2.3.2. <i>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</i> .....	8
2.3.3. <i>Materiais e recursos</i> .....	8
2.4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE .....	9
2.4.1. <i>Información ao alumnado e ás familias</i> .....	9
2.4.2. <i>Publicidade</i> .....	9

## INTRODUCCIÓN

Segundo as instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

### 1. ► 4º CURSO DO GRAO PROFESIONAL

#### 1.1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E MÍNIMOS ESIXIBLES

##### Criterios de avaliación

- Discriminación auditiva de obras de diferentes estilos.
- Comentario de textos onde se exprese o pensamento estético dos diferentes períodos históricos.
- Comentarios referentes aos instrumentos que aparezan nas audicións utilizadas.
- Tomar conciencia dos cambios que experimenta a música nas diferentes épocas.

##### Mínimos esixibles

- Identificación, a partir da audición, dos estilos musicais correspondentes aos diversos períodos históricos e describir os seus trazos máis característicos.
- Contextualizar, a través da audición de obras de diferentes épocas e estilos os trazos esenciais dos períodos histórico-estilísticos, coñecer conceptualmente e saber diferenciar as diferentes técnicas de composición, os xéneros, as formas e as características dos principais autores e as diferentes escolas, estilos e períodos ao longo da historia da música.
- Coñecemento da liña temporal da historia da música, non só en canto á evolución musical, senón tamén en canto á súa relación cos diferentes aspectos históricos.

#### 1.2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

##### 1.2.1. Avaliación

##### **Procedementos e ferramentas de avaliación:**

**Probas escritas:** teranse en conta as realizadas durante a 1ª/2ª avaliación e realizaranse por vía telemática (envío de resumos e cadros sinópticos) para o reforzo/ampliación/recuperación a partir da declaración do estado de alarma (nunca minorando as calificacións)

**Observación sistemática:** dos resumos e cadros sinópticos dos diferentes enviados a través de correo electrónicos e vía telefónica (wassap) (escritos de puño e letra)

**Técnicas audiovisuais:** de ser o caso, enviarase por parte do alumnado material audiovisual (audio/video) que sirva de referencia para valorar as aprendizaxes do alumnado a partir da declaración do estado de alarma (nunca minorando as calificacións).

**Traballos de investigación e desenvolvemento:** de ser o caso establecerase o procedemento telemático axeitado para o envío dos mesmos a partir da declaración do estado de alarma, tendo en conta o resultado soamente para incrementar a cualificación outorgada.

### 1.2.2. Cualificación final

**Tomarase como referencia a cualificación obtida na 1ª e 2ª avaliación** e poderá incrementarse en 1 punto en base ás actividades realizadas por vía telemática logo da declaración do estado de alarma (valoradas en todo caso tendo en conta os criterios de avaliación, mínimos esixibles e procedementos e ferramentas de avaliación establecidos na presente programación en apartados previos) nunca minorando a cualificación da 2ª avaliación.

### 1.2.3. Proba extraordinaria de setembro

O alumnado que non acade unha cualificación positiva (puntuación de 5 ou superior) na avaliación final ordinaria terá dereito á realización dunha proba que será nos primeiros días do mes de setembro, nas datas fixadas pola dirección do centro educativo e á que será convocado coa debida antelación.

A devandita proba extraordinaria consistirá nunha proba escrita baseada nos criterios de avaliación e mínimos esixibles reflectidos na presente programación.

Ante a eventual imposibilidade de realización dunha proba presencial tendo en conta a situación sanitaria, arbitraranse as medidas oportunas para a realización da proba extraordinaria empregando medios telemáticos, sendo igualmente de aplicación o deseño e avaliación da mesma referidos anteriormente.

### 1.2.4. Avaliación de materias pendentes e procedemento para a recuperación da 1ª - 2ª avaliación

#### PROCEDEMENTO PARA A RECUPERACIÓN DA 1ª-2ª AVALIACIÓN:

O alumnado que non acadase unha avaliación positiva na 1ª e/ou 2ª avaliación poderá recuperala mediante a realización de clases, probas e/ou envío de gravacións de audio/video que serán valoradas tendo en conta o establecido na presente modificación da programación didáctica. As actividades realizadas por medios telemáticos logo da declaración do estado de alarma centraranse en repasar, reforzar e recuperar aqueles aspectos da materia considerados imprescindibles tentando que o alumno sexa quen de superar a materia e evolucionar favorablemente nos vindeiros cursos.

## 1.3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (RECUPERACIÓN, REPASO, REFORZO, E NO SEU CASO, AMPLIACIÓN)

### 1.3.1. Actividades

Durante o terceiro trimestre desenvolveranse actividades de repaso, reforzo e pequena ampliación das aprendizaxes anteriores, tendo en conta que en ningún caso poderán minorar as cualificacións da 1ª e 2ª avaliación.

### **1.3.2. Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)**

A metodoloxía utilizada para os alumnos con conectividade será a través do envío por parte da profesora de resumos de diferentes temas e relación de audiovisuais para facilitar a recuperación, reforzou ou repaso, segundo cada caso. Estas tarefas serán enviadas para o seu estudo a través do correo electrónico, whatsapp ou calquera outro medio. Unha vez traballadas, estas actividades serán reenviados á profesora en formato vídeo ou audio para proceder á súa corrección e valoración.

Respecto ao alumnado sen conectividade, en principio non se observa ningún caso nesa situación. Non obstante, si por circunstancias persoais do alumnado e as súas familias esta situación poidese cambiar, o Concello de Viveiro ten un servizo de axuda para garantir a súa conectividade.

### **1.3.3. Materiais e recursos**

Empregamos os recursos telemáticos tales como teléfono móbil, internet, skype, correo electrónico etc....) así coma a Aula Virtual da materia.

## **1.4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE**

### **1.4.1. Información ao alumnado e ás familias**

Empregarase a comunicación por email, videoconferencia e/ou outras que permita un seguimento contínuo do alumnado e unha comunicación fluída coas familias, garantindo así a evolución e progreso do alumnado.

### **1.4.2. Publicidade**

Cada docente informará ao seu alumnado e familias da presente programación didáctica a través de email/videoconferencia e/ou outros mecanismos.

A dirección do centro procederá á publicación das mesmas na páxina web có fin de dar maior accesibilidade e visibilidade para toda a comunidade educativa, que igualmente será informada da citada publicación polos mecanismos referidos anteriormente.

## **2. ► 5º CURSO DO GRAO PROFESIONAL**

### **2.1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E MÍNIMOS ESIXIBLES**

#### **Criterios de avaliación**

- Discriminación auditiva de obras de diferentes estilos.
- Comentario de textos onde se exprese o pensamento estético dos diferentes períodos históricos.

- Comentarios referentes aos instrumentos que aparezan nas audicións utilizadas.
- Tomar conciencia dos cambios que experimenta a música nas diferentes épocas.

### Mínimos esixibles

- Identificación, a partir da audición, dos estilos musicais correspondentes aos diversos períodos históricos e describir os seus trazos máis característicos.
- Contextualizar, a través da audición de obras de diferentes épocas e estilos os trazos esenciais dos períodos histórico-estilísticos, coñecer conceptualmente e saber diferenciar as diferentes técnicas de composición, os xéneros, as formas e as características dos principais autores e as diferentes escolas, estilos e períodos ao longo da historia da música.
- Coñecemento da liña temporal da historia da música, non só en canto á evolución musical, senón tamén en canto á súa relación cos diferentes aspectos históricos.

## 2.2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

### 2.2.1. Avaliación

#### **Procedementos e ferramentas de avaliación:**

**Probas escritas:** teranse en conta as realizadas durante a 1ª/2ª avaliación e realizaranse por vía telemática (envío de resumos e cadros sinópticos) para o reforzo/ampliación/recuperación a partir da declaración do estado de alarma (nunca minorando as calificacións)

**Observación sistemática:** dos resumos e cadros sinópticos dos diferentes enviados a través de correo electrónicos e vía telefónica (wassap) (escritos de puño e letra)

**Técnicas audiovisuais:** de ser o caso, enviarase por parte do alumnado material audiovisual (audio/video) que sirva de referencia para valorar as aprendizaxes do alumnado a partir da declaración do estado de alarma (nunca minorando as calificacións).

**Traballos de investigación e desenvolvemento:** de ser o caso establecerase o procedemento telemático axeitado para o envío dos mesmos a partir da declaración do estado de alarma, tendo en conta o resultado soamente para incrementar a calificación outorgada.

### 2.2.2. Cualificación final

**Tomarase como referencia a cualificación obtida na 1ª e 2ª avaliación** e poderá incrementarse en 1 punto en base ás actividades realizadas por vía telemática logo da declaración do estado de alarma (valoradas en todo caso tendo en conta os criterios de avaliación, mínimos esixibles e procedementos e ferramentas de avaliación establecidos na presente programación en apartados previos) nunca minorando a cualificación da 2ª avaliación.

### 2.2.3. Proba extraordinaria de setembro

O alumnado que non acade unha cualificación positiva (puntuación de 5 ou superior) na avaliación final ordinaria terá dereito á realización dunha proba que será nos primeiros días do mes de setembro, nas datas fixadas pola dirección do centro educativo e á que será convocado coa debida antelación.

A devandita proba extraordinaria consistirá nunha proba escrita baseada nos criterios de avaliación e mínimos esixibles reflectidos na presente programación.

Ante a eventual imposibilidade de realización dunha proba presencial tendo en conta a situación sanitaria, arbitraranse as medidas oportunas para a realización da proba extraordinaria empregando medios telemáticos, sendo igualmente de aplicación o deseño e avaliación da mesma referidos anteriormente.

#### **2.2.4. Avaliación de materias pendentes e procedemento para a recuperación da 1ª – 2ª avaliación**

Non hai alumnado con avaliacións suspensas; e tamén todo o alumnado ten aprobada a materia de 4º de Historia da música. polo tanto non se describe ningún tipo de recuperación.

### **2.3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (RECUPERACIÓN, REPASO, REFORZO, E NO SEU CASO, AMPLIACIÓN)**

#### **2.3.1. Actividades**

Durante o terceiro trimestre desenvolveranse actividades de repaso, reforzón e pequena ampliación das aprendizaxes anteriores, tendo en conta que en ningún caso poderán minorar as cualificacións da 1ª e 2ª avaliación.

#### **2.3.2. Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)**

A metodoloxía utilizada para os alumnos con conectividade será a través do envío por parte da profesora de resumos de diferentes temas e relación de audiovisuais para facilitar a recuperación, reforzón ou repaso, segundo cada caso. Estas tarefas serán enviadas para o seu estudo a través do correo electrónico, whatsapp ou calquera outro medio. Unha vez traballadas, estas actividades serán reenviados á profesora en formato vídeo ou audio para proceder á súa corrección e valoración.

Respecto ao alumnado sen conectividade, en principio non se observa ningún caso nesa situación. Non obstante, si por circunstancias persoais do alumnado e as súas familias esta situación poidese cambiar, o Concello de Viveiro ten un servizo de axuda para garantir a súa conectividade.

#### **2.3.3. Materiais e recursos**

Empregamos os recursos telemáticos tales como teléfono móbil, internet, skype, correo electrónico etc....) así coma a Aula Virtual da materia.



## **2.4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE**

### **2.4.1. Información ao alumnado e ás familias**

Empregarase a comunicación por email, videoconferencia e/ou outras que permita un seguimento contínuo do alumnado e unha comunicación fluída coas familias, garantindo así a evolución e progreso do alumnado.

### **2.4.2. Publicidade**

Cada docente informará ao seu alumnado e familias da presente programación didáctica a través de email/videoconferencia e/ou outros mecanismos.

A dirección do centro procederá á publicación das mesmas na páxina web có fin de dar maior accesibilidade e visibilidade para toda a comunidade educativa, que igualmente será informada da citada publicación polos mecanismos referidos anteriormente.